



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

[www.fgpatinaxe.com](http://www.fgpatinaxe.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

## Bases de competición

### Liga Galega de Patinaxe Freestyle 2026

#### Índice de contido

1. Obxecto e ámbito de aplicación.....	2
2. Categorias e composición dos equipos.....	2
3. Normativa xeral.....	2
4. Probas e estrutura por xornadas.....	3
5. Normas Especificas (Singularidades na LGPF).....	3
A. ROLLER CROSS.....	3
B. TEAM SPEED.....	5
C. SALTO.....	7
D. TEAM BATTLE.....	9
E. STREET.....	11
F. DERRAPES.....	13
6. Inscripcións, prazos e delegados.....	14
7. Equipación e identificación dos equipos.....	15
8. Sistema de puntuación e clasificación.....	15
9. Empates, reclamacións e incidencias.....	16
10. Incomparecencias e retiradas.....	16
11. Premios e cadro de honra.....	17
12. Disposicións finais.....	18



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)  
15008 - La Coruña  
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183  
[www.fgpatinaje.com](http://www.fgpatinaje.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

### Bases de competición Liga Galega de Patinaxe Freestyle 2026

## 1. Obxecto e ámbito de aplicación

O presente documento establece as normas específicas da Liga Galega de Patinaxe Freestyle (LGPF) para a tempada 2026, no marco das competicións oficiais da Federación Galega de Patinaxe (FGP). A LGPF organízase en formato por equipos e por etapas/xornadas, segundo o calendario oficial publicado polo Comité Galego de Patinaxe Freestyle (CGF).

Todo o non previsto nestas bases rexerá polas Bases de Competición de Patinaxe Freestyle 2026 da FGP e pola normativa vixente aplicable a cada disciplina.

## 2. Categorías e composición dos equipos

Convócanse as categorías SUB 15 mixta e ABSOLUTA mixta. Para efectos desta Liga, considéranse categorías mixtas aquelas que agrupan deportistas masculinos e femininos desde a categoría MINI, co obxectivo de favorecer a participación e a formación de equipos.

Un deportista da categoría SUB 15 poderá participar na categoría ABSOLUTA, pero non ao revés.

Cada club poderá inscribir en cada categoría un máximo de 2 equipos diferentes, podendo darse o caso de que un club teña un máximo de 4 equipos inscritos entre ámbalas dúas categorías.

**Cada equipo deberá ter inscritos un mínimo de 4 deportistas no momento de formalizar a inscrición, sen límite máximo.**

**Para que unha categoría poida convocarse dentro da LGPF, será obrigatorio contar cun mínimo de 4 equipos inscritos na mesma.** Se non se alcanzase este mínimo, o CGF poderá unificar categorías, reestruturar grupos ou modificar a súa convocatoria, sempre priorizando a participación e a viabilidade deportiva.

**Os deportistas inscritos nun equipo non poderán cambiar a outro equipo do mesmo club ou doutro durante a mesma tempada.** Con todo, poderán incorporarse novos membros nas seguintes etapas sempre que non participasen previamente nas anteriores.

## 3. Normativa xeral

Aplicarase o Regulamento vixente de cada disciplina (Roller Cross, Roller Freestyle Street, Derrapes, Salto, Team Speed e Team Battle), xunto cos comunicados, actualizacións ou indicacións da FGP/RFEP que resulten aplicables. O CGF poderá establecer criterios operativos e adaptacións organizativas que serán comunicadas na convocatoria de cada sede.

**Horarios e paróns.** O CGF poderá axustar os horarios e paróns de cada proba segundo o número de equipos e deportistas inscritos/as e as necesidades técnicas, evitando prolongacións innecesarias e garantindo a



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

[www.fgpatinaje.com](http://www.fgpatinaje.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

### **Bases de competición Liga Galega de Patinaxe Freestyle 2026**

seguridade do persoal técnico e o correcto desenvolvemento da competición. Do mesmo xeito, **evitaranse os paróns prolongados destinados exclusivamente a comer**, debendo tanto os equipos participantes como o persoal de vulgamento organizar as súas pausas internas sen que isto repercute na continuidade nin na duración total da xornada, salvo en casos nos que resulte estritamente necesario establecer unha interrupción formal por motivos organizativos ou de seguridade.

De acordo co número de equipos participantes, o CGF poderá establecer grupos internos dentro da propia Liga (por exemplo, grupos A/B ou divisións paralelas), co obxectivo de equilibrar a competición, axustar tempos de xornada e garantir a participación de todos os equipos en condicións adecuadas.

## **4. Probas e estrutura por xornadas**

A LGPF 2026 convócase coas seguintes probas: Roller Cross, Street, Derrapes, Salto, Team Speed e Team Battle. As probas organízanse por etapas/xornadas, e cada sede poderá incluír varias disciplinas segundo o programa publicado.

En canto á Liga Galega de Freestyle, as xornadas previstas estrutúranse do seguinte xeito (salvo axustes indicados na convocatoria de cada sede):

- Xornada 1 e Xornada 3: Roller Cross · Team Speed · Salto.
- Xornada 2 e Xornada 4: Team Battle · Street · Derrapes.

A convocatoria de cada sede indicará as disciplinas efectivamente celebradas, a sede/localidade, horarios orientativos e calquera condición técnica adicional.

## **5. Normas Específicas (Singularidades na LGPF)**

A Liga Galega de Patinaxe Freestyle (LGPF) configúrase como unha competición prioritariamente por equipos, polo que a participación e estratexia dos clubs deberá orientarse á obtención de resultados colectivos e non á suma de actuacións individuais illadas. Para estes efectos, establécense regras de composición, rotación e puntuación que incentivan a estabilidade dos equipos e a participación equilibrada dos seus membros.

### **A. ROLLER CROSS**

A modalidade de Roller Cross na Liga Galega de Freestyle 2026 desenvolverase seguindo a última normativa publicada pola RFEP en 2025 para esta disciplina. Para calquera aspecto non contemplado nesa normativa, poderase aplicar con carácter subsidiario o regulamento de Skate Cross e/ou as disposicións internas vixentes da FGP, sempre baixo criterio do Xuíz Principal.



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

[www.fgpatinaje.com](http://www.fgpatinaje.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

### **Bases de competición Liga Galega de Patinaxe Freestyle 2026**

#### **1. Formato de carreiras**

As carreiras disputaranse con 4 participantes sempre que sexa posible. Se por necesidades organizativas non se puidera completar o grupo, poderán realizarse tamén carreiras de 3 participantes.

#### **2. Sistema de puntos por carreira**

En cada carreira, a puntuación asignarase segundo a posición de chegada:

- 1º posto: 9 puntos
- 2º posto: 6 puntos
- 3º posto: 3 puntos
- 4º posto: 1 punto

En caso de descalificación (DQ), o/a participante recibirá 0 puntos.

#### **3. Número de carreiras e reparto por equipos**

O cuadrante de Roller Cross estruturarase en formato todos contra todos por equipos, garantindo que todos os equipos se enfronten ó resto o mesmo número de veces na etapa. Para asegurar esta equidade, poderán empregarse carreiras de 3 ou 4 participantes segundo o número total de equipos.

Cada equipo poderá presentar/inscribir un máximo de 4 deportistas por xornada nesta disciplina e en cada carreira incluírse, sempre que sexa posible, un único representante de cada equipo. A asignación do representante será de libre elección por parte do equipo, respectando as limitacións desta normativa.

Limitación individual: cada patinador/a poderá disputar un máximo de 2 ou 3 carreiras por etapa da Liga, en función do número total de equipos participantes e do formato de cadrante establecido na convocatoria.

En consecuencia, poderá darse a situación de que un equipo que se presente cun número reducido de deportistas (por exemplo, só 2 participantes) non poida cubrir todas as carreiras asignadas na etapa.

#### **4. Chamamento á liña e penalización por demora (10 segundos)**

Co obxectivo de axilizar a competición, establécese o seguinte procedemento:

- Os/as participantes colocaranse en liña segundo sexan chamados conforme ao cadro/orde establecido.
- Ao chamar un equipo (ex.: Equipo A), iniciarase unha conta atrás de 10 segundos para que o/a patinador/a designado/a ocupe a súa casilla de saída.
- A continuación chamarase o seguinte equipo (ex.: Equipo B) e reiniciarase a conta de 10 segundos, e así sucesivamente.



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

[www.fgpatinaje.com](http://www.fgpatinaje.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

### **Bases de competición Liga Galega de Patinaxe Freestyle 2026**

Penalización por demora: se un/ha patinador/a non ocupa a súa posición dentro dos 10 segundos establecidos, aplicarase unha penalización de saída consistente en ser retido/a durante 5 segundos respecto do resto de participantes ao inicio da carreira.

#### **5. Desempates na clasificación por equipos (etapa)**

En caso de empate a puntos entre equipos na clasificación final da etapa, aplicarase a seguinte orde de desempate:

- Maior número de 1º postos obtidos polo equipo nas carreiras disputadas.
- Se persiste o empate, maior número de 2º postos.
- Se persiste o empate, maior número de 3º postos.
- Se persiste o empate, aplicarase o criterio de enfrontamento directo, considerando mellor clasificado o equipo que obtivese mellor resultado global nas carreiras nas que coincidisen representantes dos equipos implicados.

(O resto de procedementos técnicos, infraccións, saídas e reclamacións rexeranse pola normativa RFEP 2025 e, de ser necesario, pola subsidiaria indicada.)

## **B. TEAM SPEED**

A modalidade de Team Speed desenvolverase conforme ao Regulamento Técnico nacional vixente e ás indicacións técnicas da FGP/RFEP. Establécense as seguintes adaptacións de aplicación exclusiva na Liga Galega de Freestyle 2026.

### **1. Sistema de competición (KO por tempo)**

O formato xeral será KO por tempo (con cronometraxe), segundo o sistema de eliminatorias establecido para Team Speed, e non o sistema “á italiana” (eliminatoria sen cronometraxe).

Esta previsión poderá ser revisada unicamente no caso de que existan incidencias técnicas graves cos sistemas de cronometraxe que impidan garantir a igualdade de condicións. Nese caso, o Xuíz Principal e o Comité poderán adaptar o formato competitivo, podendo aplicarse excepcionalmente un sistema eliminatorio alternativo sen cronometraxe, mantendo sempre criterios obxectivos e comunicándoo coa maior brevidade posible.

### **2. Desenvolvemento dos enfrontamentos (finalización anticipada)**

Cada enfrontamento entre dous equipos disputarase segundo o esquema establecido no regulamento técnico (carreiras sucesivas).



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

[www.fgpatinaxe.com](http://www.fgpatinaxe.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

### **Bases de competición Liga Galega de Patinaxe Freestyle 2026**

Adaptación LGF 2026: o enfrontamento rematará automaticamente cando un dos equipos acade 3 puntos/vitorias, é dicir, se un equipo gaña as tres primeiras carreiras, será declarado gañador do enfrontamento sen necesidade de realizar as carreiras restantes ata completar 5.

### **3. Composición dos equipos e participación**

Cada equipo participará con 3 patinadores/as titulares e poderá contar cun máximo de 1 patinador/a reserva.

O/a patinador/a reserva poderá alternarse cos/as titulares entre carreiras, segundo as necesidades do equipo, debendo respectarse sempre os criterios de composición e participación do regulamento técnico e comunicándose á mesa arbitral cando proceda.

### **4. Excepción por equipo con 2 patinadores/as**

Se un equipo se presenta nunha sede con só 2 patinadores/as, poderá participar igualmente.

Non obstante, en cada enfrontamento computarase automaticamente como perdida 1 carreira por incomparecencia do terceiro participante, asignándose ese punto ao equipo contrario antes do inicio das carreiras efectivamente disputadas.

### **5. Clasificación e desempates**

A clasificación xeral por equipos establecerase segundo o número de vitorias de enfrontamentos obtidas ao longo da competición.

En caso de empate a vitorias entre equipos, aplicarase a seguinte orde de desempate:

- Menor número de derrotas (enfrontamentos perdidos).
- Se persiste o empate, aplicarase o resultado do enfrontamento directo entre os equipos implicados.
- Se persiste o empate e existe cronometraxe operativa, **mellor tempo acumulado** do equipo (suma dos mellores tempos das carreiras válidas disputadas, segundo determine a mesa arbitral).
- Se excepcionalmente persistise o empate (por exemplo, situacións non comparables por formato), resolverase conforme ao criterio técnico do Xuíz Principal, garantindo obxectividade e igualdade de condicións.

### **6. Normativa xeral aplicable**

O resto de aspectos non recollidos neste apartado (composición en pista, faltas, saídas, reclamacións, cronometraxe, etc.) rexeranse polo Regulamento Técnico nacional vixente e pola circular/convocatoria específica da sede.



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

[www.fgpatinaje.com](http://www.fgpatinaje.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

### *Bases de competición Liga Galega de Patinaxe Freestyle 2026*

## **C. SALTO**

A proba de Salto (Free Jump) na Liga Galega de Freestyle 2026 disputarase en formato por equipos, tomando como base o Regulamento Técnico IF vixente, coas adaptacións específicas recollidas neste apartado para favorecer a estratexia colectiva e a participación.

### **1. Obxectivos da modalidade**

- Fomentar a estratexia colectiva: os equipos deberán planificar a que alturas saltará cada membro para maximizar a puntuación do equipo.
- Progresión técnica: incentivar aos/ás patinadores/as a mellorar a súa marca persoal en beneficio do conxunto do equipo.
- Clasificación por puntuación agregada: determinar o equipo gañador mediante a suma dos resultados individuais.

### **2. Participación por equipo e resultados que puntúan**

Poderán competir un máximo de 4 patinadores/as por equipo na proba de Salto.

Para a clasificación por equipos só puntuarán os 3 mellores resultados finais obtidos polos/as patinadores/as dese equipo.

Os deportistas que non puntúen por estar fóra dos 3 mellores resultados do equipo constarán igualmente como participantes da proba, sen efecto na puntuación agregada.

### **3. Sistema de puntuación**

A clasificación final establécese pola suma de puntos dos patinadores/as do equipo que computen (os 3 mellores).

Cada centímetro superado equivale a 1 punto.

Exemplo: salto válido a 85 cm = 85 puntos (antes de aplicar bonificacións/penalizacións por control de intentos, se procede).

### **4. Altura inicial obrigatoria (declaración previa)**

Cada equipo deberá enviar, antes do peche das inscricións individuais da sede, un listado coa altura inicial na que comezará cada patinador/a.

Esa altura inicial é de obrigado cumprimento: o/a patinador/a deberá intentar obrigatoriamente esa altura como primeiro salto (non poderá “pasar” esa primeira altura).

No caso de non comunicar a altura inicial dentro do prazo, asignaráselle automaticamente ao/á patinador/a unha altura inicial de 40 cm (ou, se a convocatoria establece unha altura mínima específica para esa categoría, esa altura mínima de categoría), sendo igualmente obrigatorio o seu intento como primeiro salto.



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

[www.fgpatinaje.com](http://www.fgpatinaje.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

### **Bases de competición Liga Galega de Patinaxe Freestyle 2026**

A partir dese momento, poderá realizar “paso” nas seguintes alturas, se así o decide, segundo as regras deste apartado.

#### **5. Progresión de alturas e intentos**

As alturas iniciais serán: 40 – 50 – 60 – 65 – 70 – 75 cm e, a partir de aí, incrementarase sempre de 5 en 5 cm.

En cada altura, cada patinador/a dispón de 2 intentos.

Non existirá fase final, nin opción de saltos adicionais para bater marca persoal unha vez remate a competición: a proba conclúe cando, segundo o formato, quede un único patinador/a ou se determine o remate por eliminación.

#### **6. Regras de “paso” e obrigatoriedade de salto**

Un patinador/a poderá facer “paso” en alturas posteriores á súa altura inicial.

Regra anti-abuso do “paso”: se un/ha patinador/a foi facendo “paso” en todas as alturas dispoñibles, cando se chegue á primeira altura na que o resto de participantes xa foron eliminados, deberá intentar obrigatoriamente esa altura.

Inclúese tamén o seguinte caso: cando un/ha patinador/a teña declarado unha altura inicial superior á do resto de participantes e chegue o momento no que ningún outro/a patinador/a acadou esa altura, considerarase igualmente que debe intentar obrigatoriamente esa primeira altura non superada polo resto, non podendo continuar acumulando “pasos” sen execución efectiva.

Se non supera esa altura obrigatoria, considerarase que non superou ningunha altura, obtendo 0 puntos para o seu equipo.

**Prohibición de retirada estratéxica para aforro de intentos.** Unha vez que un/ha patinador/a **realice un intento** (sexa válido ou nulo) e/ou **supere unha altura**, non poderá **retirarse voluntariamente** da competición sen máis co único obxectivo de **non consumir novos intentos** ou de **beneficiarse do axuste de puntos** asociado ao control de alturas distintas intentadas. A retirada voluntaria só poderá admitirse por **causa xustificada** (lesión/incidencia acreditable) e baixo criterio do Xuíz Principal. No caso de retirada non xustificada, considerarase que o/a patinador/a **declina continuar na progresión** e computarase para efectos do axuste como se tivese esgotado a súa participación ata o punto alcanzado, sen que poida obter vantaxe adicional por non realizar os intentos restantes.

#### **7. Control de número de “alturas distintas” intentadas (bonificación/penalización)**

Co obxectivo de equilibrar a estratexia e evitar formatos excesivamente longos ou excesivamente conservadores, establécese un control de intentos por participante:

Estímase como referencia un total de 6 alturas distintas intentadas por patinador/a.



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

[www.fgpatinaje.com](http://www.fgpatinaje.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

### **Bases de competición Liga Galega de Patinaxe Freestyle 2026**

Para este control non se contabilizan os intentos fallidos dentro da mesma altura.

Só conta cando o/a patinador/a intenta unha altura nova distinta (por exemplo, intentar 70 cm conta 1; intentar 75 cm conta outro 1, independentemente de se os supere ou non).

Ao finalizar a proba, aplicarase o seguinte axuste de puntos a cada patinador/a:

- Se intentou menos de 6 alturas distintas, sumaranse +2 puntos por cada altura distinta que lle falte ata 6.
- Se intentou máis de 6 alturas distintas, poderá saltar igualmente, pero restaranse –2 puntos por cada altura distinta adicional por riba de 6.

Exemplos (axuste por control de alturas):

- Patinador/a supera 85 cm e intentou 4 alturas distintas → faltan 2 ata 6 → bonificación +4 → puntuación final:  $85 + 4 = 89$  puntos.
- Patinador/a supera 90 cm e intentou 6 alturas distintas → sen axuste → puntuación final: 90 puntos.
- Patinador/a supera 95 cm e intentou 8 alturas distintas → 2 por riba de 6 → penalización –4 → puntuación final:  $95 - 4 = 91$  puntos.

(Nota: este axuste aplícase á puntuación individual final e, posteriormente, computa para determinar os 3 mellores resultados do equipo.)

## **8. Empates**

En caso de empate na clasificación, aplicarase as regras habituais de desempate en Free Jump estipuladas polo Regulamento Técnico IF 2026 vixente.

## **D. TEAM BATTLE**

Co obxectivo de fomentar a participación e dinamizar o desenvolvemento da proba, establécense as seguintes adaptacións normativas para a modalidade de Team Battle, de aplicación exclusiva nas competicións da Liga Galega de Freestyle. O non recollido neste apartado rexerese polo Regulamento Técnico vixente da RFEP/FGP para Inline Freestyle.

### **1. Sistema de competición**

O formato será de liguiña (todos contra todos), de xeito que cada equipo se enfrontará a todos os demais nunha serie de duelos independentes.



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)  
15008 - La Coruña  
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183  
[www.fgpatinaje.com](http://www.fgpatinaje.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

### **Bases de competición Liga Galega de Patinaxe Freestyle 2026**

O Comité e o Xuíz Principal poderán adaptar o número total de enfrontamentos ou a súa organización en grupos/divisións cando o número de equipos inscritos así o requira, garantindo sempre igualdade de condicións.

#### **2. Desenvolvemento dos enfrontamentos**

Cada duelo entre equipos constará de tres roldas individuais, segundo o regulamento técnico oficial.

Duración de cada rolda: 30 segundos por patinador/a.

Cada rolda individual outorgará 1 punto ao equipo gañador.

O equipo que acumule máis puntos ao rematar as tres roldas será o gañador do enfrontamento.

En caso de dúbida ou igualdade nunha rolda, o equipo de xuíces poderá solicitar un Best Trick para determinar o equipo gañador da rolda.

#### **3. Clasificación final**

Unha vez rematados todos os enfrontamentos, establecerase unha clasificación xeral por equipos en función do número de enfrontamentos gañados.

En caso de empate entre equipos:

- Aplicarase como primeiro criterio o resultado do enfrontamento directo.
- Se persiste o empate (por exemplo, triplo empate circular), aplicarase como criterio definitivo a suma total de roldas gañadas por cada equipo ao longo de todos os enfrontamentos disputados na competición.
- Se, excepcionalmente, persistise o empate tras aplicar o criterio anterior, resolverase pola mellor diferenza de roldas (roldas gañadas menos roldas perdidas). De persistir aínda así, decidirase por sorteo supervisado polo Xuíz Principal.

#### **4. Composición dos equipos**

Cada equipo deberá estar formado por un mínimo de 3 patinadores/as titulares, podendo dispoñer dun máximo de 1 patinador/a reserva, segundo o regulamento técnico vixente.

O/a patinador/a reserva poderá participar en calquera duelo, substituíndo a un/unha dos/as titulares.

Esta substitución deberá ser realizada no momento de entrada en pista, antes do inicio da rolda correspondente.

Excepción por participación con 2 patinadores/as. De maneira excepcional, se un equipo se presenta nunha sede con só 2 patinadores/as dispoñibles, poderá participar igualmente na competición. Non obstante, ao non poder disputar as tres roldas individuais previstas, en cada enfrontamento partirá cun punto en contra



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

[www.fgpatinaxe.com](http://www.fgpatinaxe.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

### **Bases de competición Liga Galega de Patinaxe Freestyle 2026**

(1 rolda perdida por incomparecencia), considerándose esa rolda como gañada polo equipo contrario. As outras dúas roldas disputaranse con normalidade segundo o sistema establecido.

#### **5. Elección dos emparellamentos**

Cada equipo deberá nomear un/ha capitán/capitá, que poderá ser un/ha patinador/a titular ou o/a adestrador/a.

Os capitáns achegaranse á mesa de xuíces para escoller os emparellamentos das tres roldas seguindo esta orde:

- O primeiro en escoller será o capitán do equipo que figure “en casa”, é dicir, o equipo que apareza en primeiro lugar no orde de saída do enfrontamento (ex.: A vs C → escolle primeiro o equipo A).
- O segundo equipo escollerá a continuación.
- O terceiro emparellamento asignarase por descarte.

En cada enfrontamento, as 3 roldas deberán ser realizadas por 3 patinadores diferentes; só poderá repetirse no caso de Best Trick de desempate

A estrutura das roldas e o sistema de valoración seguirán o regulamento oficial vixente, coa excepción das modificacións descritas anteriormente.

### **E. STREET**

A modalidade de Street disputarase en formato Jam Session por equipos, orientada á interacción directa e á estratexia colectiva. O non recollido neste apartado rexerese polo regulamento técnico vixente aplicable, coa adaptación específica descrita a continuación.

#### **1. Estrutura e mecánica do enfrontamento**

Formato: Battle por equipos (N vs N), co número máximo de participantes por equipo establecido na convocatoria da sede (por defecto, ata 4).

Duración do round: 5 minutos (Jam Session).

Obxectivo: gañar o maior número posible de micro-batallas directas entre equipos (A vs B).

Alternancia estrita: o fluxo de entradas será obrigatoriamente alterno, seguindo o patrón: A, B, A, B, A, B...

(Non se permite repetir entrada do mesmo equipo de forma voluntaria.)

**Duración máxima de cada entrada:** cada entrada individual terá unha duración máxima de **20 segundos**, co obxectivo de favorecer a axilidade, a aprendizaxe e a fluidez do formato Jam. Unha vez transcorrido ese tempo, a entrada considerarase rematada e pasará a quenda ao equipo contrario.



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

[www.fgpatinaxe.com](http://www.fgpatinaxe.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

### ***Bases de competición Liga Galega de Patinaxe Freestyle 2026***

Regra de pausa (5 segundos): cando un equipo teña a quenda, dispón dun máximo de 5 segundos para iniciar a súa entrada. Se non o fai, perde a quenda e a acción pasa inmediatamente ao equipo contrario.

**Rotación interna do equipo (obrigatoria):** cada equipo deberá respectar unha rotación interna dos seus/as patinadores/as, de maneira que **un/ha patinador/a non poderá repetir entrada** ata que se complete unha volta enteira do equipo, é dicir, **ata que teñan participado o resto de membros dispoñibles do equipo despois del/dela**. Só poderá flexibilizarse esta regra por causa técnica ou operativa debidamente xustificada (lesión, incidencia de seguridade ou indicación expresa do Xuíz Principal/Speaker para garantir a continuidade do round).

**Control de chamamentos (Speaker):** para facilitar o aprendizaxe do formato e manter un ritmo continuo, o/a **Speaker** realizará os chamamentos e marcará as quendas de entrada (incluíndo os avisos de 5 segundos e o control do tempo máximo de 20 segundos por entrada), garantindo que se respecte a alternancia e que non existan demoras innecesarias.

## ***2. Definición de “entrada” (acción válida)***

Para efectos de puntuación, considérase entrada válida unha acción que cumpra todos estes criterios:

- O/a patinador/a entra en zona útil e realiza unha acción intencional (truco único, liña curta ou combo), empregando polo menos un elemento do entorno (rampa, caixón, raíl, bordillo, etc.) ou unha acción técnica sobre chan se así o permite a sede.
- A acción debe ser identificable e avaliable polos xuíces (non basta con desprazarse, posicionarse ou facer un intento claramente interrompido sen execución).
- Caída ou fallo: se o/a patinador/a cae ou falla, a entrada conta como realizada (é dicir, non se repite), e será valorada como corresponda (normalmente moi baixa) segundo criterios técnicos.

Entrada non válida (non computa como entrada realizada):

- permanecer máis de 5 segundos sen iniciar acción,
- entrar e deter a acción sen executar nada avaliable,
- abandonar a zona antes de executar unha acción identificable.

## ***3. Sistema de puntuación (híbrido por capas)***

Capa 1 — Puntos por micro-batallas (resultado principal)

Micro-batalla: constitúese unha micro-batalla por cada par de entradas consecutivas A vs B (unha entrada dun equipo seguida da entrada do outro equipo).

Votación: o panel de xuíces determina que equipo gaña esa micro-batalla avaliando, entre outros criterios, a dificultade, a limpeza, o uso do entorno e a capacidade de resposta ao rival.



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)  
15008 - La Coruña  
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183  
[www.fgpatinaje.com](http://www.fgpatinaje.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

### **Bases de competición Liga Galega de Patinaxe Freestyle 2026**

Punto: o equipo gañador da micro-batalla recibe 1 punto no marcador. O outro equipo recibe 0 puntos nesa micro-batalla.

Micro-batalla con quenda perdida (regra 5 segundos):

Se un equipo perde a súa quenda por exceder os 5 segundos, considerarase que a súa entrada é nula, e esa micro-batalla atribúese automaticamente ao equipo contrario (1 punto).

A continuación, retómase a alternancia mantendo a orde, sen permitir que un equipo acumule entradas consecutivas por vontade propia.

Capa 2 — Puntuación acumulativa (criterio de desempate)

Acumulación técnica: durante todo o round, os xuíces rexistrarán unha puntuación técnica acumulada das entradas válidas, en base a criterios como Dificultade, Execución e Uso do entorno.

Uso exclusivo en empate: esta puntuación só se empregará se o resultado da Capa 1 remata en empate (por exemplo, 5–5).

#### **4. Determinación do equipo gañador do round**

Gaña o equipo con máis puntos na Capa 1 (micro-batallas gañadas).

Se existe empate na Capa 1, gaña o equipo con maior puntuación acumulativa total na Capa 2.

#### **5. Regras operativas para garantir fluidez**

O formato Jam busca un ritmo continuo: os equipos deben ter preparada a seguinte entrada e respectar a alternancia.

A mesa arbitral poderá sinalar verbalmente “5 segundos” cando corresponda a quenda dun equipo.

A convocatoria poderá fixar, se fose necesario, un número estimado mínimo de micro-batallas por round (en función do número de equipos e do tempo dispoñible), sen prexuízo de que o round remate sempre aos 5 minutos.

## **F. DERRAPES**

A proba de Derrapes, incluída dentro do programa da Liga Galega de Freestyle 2026, desenvolverase de acordo co regulamento nacional aprobado pola RFEP e co uso da folla oficial de cálculo de puntuacións vixente.

### **1. Formato da competición**



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

[www.fgpatinaje.com](http://www.fgpatinaje.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

### ***Bases de competición Liga Galega de Patinaxe Freestyle 2026***

A proba desenvolverase en formato todos contra todos, sen necesidade de roldas clasificatorias previas, ao empregar un sistema de puntuación individual preciso e automatizado.

Cada patinador/a realizará catro (4) derrapes individuais.

A puntuación individual final de cada patinador/a será determinada pola suma das 3 mellores execucións, segundo a folla oficial e os criterios do regulamento técnico.

## **2. Organización por grupos**

Por motivos operativos e para facilitar o labor do equipo arbitral, os/as patinadores/as poderán ser divididos en grupos reducidos, sempre que o número de inscritos o permita.

Dentro de cada grupo procurarase garantir, na medida do posible, a presenza de deportistas de diferentes equipos, co fin de fomentar o equilibrio e a equidade competitiva.

## **3. Puntuación e clasificación (criterio de Liga por equipos)**

Aplicaranse os criterios oficiais establecidos no Regulamento Técnico vixente e o uso da folla Excel nacional homologada.

Para efectos da clasificación da Liga por equipos, cada equipo poderá presentar ata o número máximo de participantes por proba indicado na convocatoria (por defecto, ata 4).

Puntuación do equipo: para a puntuación final de cada equipo contará a suma das 3 mellores puntuacións individuais finais obtidas polos/as patinadores/as dese equipo nesta proba (é dicir, a puntuación final individual xa calculada como suma das 3 mellores execucións de cada patinador/a).

Puntualización (validez e incomparecencias): só computarán para o equipo as puntuacións de deportistas que realicen execucións válidas conforme ao regulamento e queden rexistradas na folla oficial. Calquera deportista incomparecente, retirado/a antes de executar ou sen execucións válidas rexistradas, puntuarase como 0 para efectos da clasificación por equipos.

Desempates entre equipos: en caso de empate na puntuación total por equipos, resolverase na seguinte orde:

- Maior mellor puntuación individual final do equipo.
- Maior segunda mellor puntuación individual final do equipo.
- Maior terceira mellor puntuación individual final do equipo.
- Persistindo o empate, aplicarase a mellor execución individual máxima (mellor derrape rexistrado en calquera das execucións, segundo a folla oficial).

## **6. Inscricións, prazos e delegados**



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

[www.fgpatinaje.com](http://www.fgpatinaje.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

### **Bases de competición Liga Galega de Patinaxe Freestyle 2026**

As inscricións estarán suxeitas aos **prazos e instrucións** indicadas na convocatoria de cada sede. Con carácter xeral, a inscrición deberá realizarse a través da **Intranet oficial da FGP**, utilizando o procedemento e os formularios habilitados para a competición. No caso de que algún club non dispoña de acceso operativo á Intranet por motivos administrativos, o CGF poderá habilitar un **procedemento alternativo de inscrición**, que deberá solicitarse e xustificarse dentro de prazo, e que será comunicado pola organización para ese caso concreto.

Na inscrición deberá identificarse, ademais dos deportistas, a persoa **delegada** que acudirá presencialmente e actuará como **interlocutora oficial** do equipo ante a organización e o Xuíz Principal, especialmente para cuestións de orde de saída, confirmación de participantes, incidencias e recepción de comunicacións operativas. A persoa delegada deberá estar dispoñible durante toda a xornada e atender ás indicacións do persoal técnico e arbitral.

**Reunión preparatoria.** Poderá celebrarse unha reunión preparatoria cos delegados/as dos equipos participantes, segundo indique a convocatoria, para confirmar formato, ordes de participación, grupos, composicións e cuestións operativas. As indicacións realizadas nesa reunión terán carácter organizativo e serán de obrigado cumprimento, en coherencia coas presentes bases e coa convocatoria da sede.

## **7. Equipación e identificación dos equipos**

Cada equipo deberá levar **camisetas diferentes e claramente identificables** respecto doutros equipos do mesmo club. A organización poderá solicitar a identificación visual (cores/pezas principais) con antelación para evitar confusións en pista e na publicación de resultados. Se se detectan coincidencias que poidan xerar dúbidas, a organización poderá esixir cambios sinxelos (por exemplo, uso de petos, brazaletes ou prenda exterior), sempre sen alterar de maneira substancial a identidade do equipo.

En probas por equipos, todos os integrantes deberán manter unha **imaxe coherente** (mesma equipación ou combinación definida polo equipo) durante a participación e nas entregas de premios, segundo o que se indique na convocatoria da sede. A falta de identificación clara poderá implicar medidas correctoras inmediatas por parte da organización para garantir a trazabilidade deportiva e arbitral.

## **8. Sistema de puntuación e clasificación**

Para efectos da clasificación xeral da Liga, en cada disciplina e en cada etapa establecerase unha **clasificación por equipos** segundo o resultado técnico definido nas normas específicas desa disciplina (por exemplo: **suma de puntos en Roller Cross, suma de marcas en Salto, suma de puntuacións en Derrapes, vitorias en Team Speed/Team Battle**, etc.).

Unha vez determinada a orde final de equipos na disciplina, asignaranse os **Puntos de Liga** por posición segundo o seguinte sistema (“Modelo Élite”):



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

[www.fgpatinaje.com](http://www.fgpatinaje.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

### Bases de competición Liga Galega de Patinaxe Freestyle 2026

- 1.º: 25 puntos
- 2.º: 18 puntos
- 3.º: 14 puntos
- 4.º: 11 puntos
- 5.º: 9 puntos

**Equipos sen resultado válido (DNS/DQ/incomparecencia):** obterán **0 puntos de Liga** nesa disciplina.

**Empates (ex aequo):** en caso de empate entre equipos na clasificación da disciplina, a puntuación de Liga repartirase **ex aequo**, asignando a cada equipo a **media aritmética** dos puntos correspondentes ás posicións empatadas.

A **clasificación xeral da LGPF por categoría** obterase pola **suma dos Puntos de Liga** acadados por cada equipo en todas as disciplinas celebradas ao longo das etapas.

#### Mellor equipo por disciplina

De forma independente á clasificación xeral por Puntos de Liga, establecerase unha clasificación específica de **mellor equipo por disciplina**, na que se tomará como referencia a **suma dos resultados técnicos reais** obtidos polo equipo en cada sede desa disciplina.

Exemplo (Salto): se un equipo obtén **247 puntos** na Sede 1 e **210 puntos** na Sede 2, o seu total para “Mellor equipo de Salto” será **247 + 210 = 457 puntos**.

## 9. Empates, reclamacións e incidencias

As reclamacións e protestos rexeranse pola normativa vixente e polos procedementos indicados polo Xuíz Principal na reunión preparatoria, de existir, así como polos prazos e canles establecidos na convocatoria da sede. Só se admitirán reclamacións presentadas pola persoa delegada acreditada do equipo, conforme ao procedemento indicado.

Co obxectivo de minimizar empates e mellorar a trazabilidade deportiva, poderanse aplicar criterios complementarios de desempate cando o formato da disciplina o permita, segundo se estableza na convocatoria (por exemplo, sumas adicionais de enfrontamentos en Team Battle), garantindo sempre criterios obxectivos, igualdade de condicións e comunicación previa aos equipos.

## 10. Incomparecencias e retiradas

A retirada dun equipo ou dun/ha deportista unha vez formalizada a inscrición deberá comunicarse dentro dos prazos establecidos na convocatoria. A non comparecencia poderá dar lugar ás actuacións disciplinarias correspondentes, conforme á normativa vixente aplicable da FGP e/ou RFEP.



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

[www.fgpatinaje.com](http://www.fgpatinaje.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

### **Bases de competición Liga Galega de Patinaxe Freestyle 2026**

**Equipo incompleto (participación con menos deportistas dos previstos):** un equipo poderá participar aínda que non dispoña de todos os/as deportistas inicialmente inscritos, pero asumirá as consecuencias deportivas derivadas do formato de cada disciplina e das presentes bases. Nas disciplinas nas que computen resultados por equipo, os resultados non cubertos consideraranse **0** para efectos da suma do equipo. En Team Speed e Team Battle aplicaranse as regras específicas de participación con 2 patinadores/as previstas nestas bases. Se un equipo non presenta patinador/a cando sexa chamado conforme ao procedemento da sede, considerarase **incomparecencia nesa saída/acción**, aplicándose o efecto deportivo correspondente (0 puntos e/ou penalización segundo a disciplina) sen deter o desenvolvemento da competición.

**Retirada dunha disciplina dentro dunha etapa:** se un equipo decide non participar nunha disciplina convocada na sede sen causa xustificada aceptada, obterá **0 puntos de Liga** nesa disciplina, sen prexuízo do procedemento disciplinario que puidese corresponder.

**Retirada dunha etapa ou da Liga:** en competicións por equipos, un equipo que formalizase a súa inscrición non poderá retirarse da competición salvo por causa xustificada. De non existir causa xustificada aceptada polos órganos competentes, ademais dos efectos deportivos (0 puntos nas disciplinas/etapas non disputadas), poderá iniciarse o procedemento disciplinario correspondente conforme ao Regulamento Xeral e de Disciplina aplicables.

**Causas xustificadas (a título enunciativo):** poderán considerarse potencialmente xustificables, sempre con acreditación documental e suxeitas a aceptación, supostos de forza maior tales como lesión ou enfermidade sobrevida do/da deportista (parte médico), accidente in itinere (atestado/parte), falecemento ou enfermidade grave dun familiar directo, incidencias graves de transporte (cancelacións/retencións acreditadas), causas administrativas ou de seguridade alleas ao club (orde/limitación de autoridade competente) ou convocatoria federativa oficial incompatible, acreditada. Con carácter xeral, non se considerarán causas xustificadas problemas de organización interna, falta de previsión, viaxes persoais, cambios voluntarios de planificación ou ausencia de deportistas por decisión deportiva do club sen soporte de forza maior.

**Retirada dun equipo e efectos sobre a premiación:** a retirada dun equipo da Liga (entendida como a renuncia a continuar participando nas etapas restantes) supón automaticamente a **renuncia ao dereito de recibir calquera premiación** asociada á LGPF, **con independencia da puntuación acumulada** ata ese momento e do posto no que figure provisionalmente na clasificación. Nestes casos, para efectos de entrega de premios, **ocupará o seu lugar o seguinte equipo mellor clasificado por puntos** que cumpra coa condición de ter finalizado a Liga sen retirada.

Se a organización admite a retirada por causa xustificada, esta circunstancia e os seus efectos na clasificación (conservación de puntos e/ou exclusión de probas non disputadas) serán comunicados de forma expresa pola organización na sede correspondente.

## **11. Premios e cadro de honra**

Entregarase **trofeo aos tres primeiros equipos clasificados** de cada categoría (**1.º, 2.º e 3.º posto**), conformando o **cadro de honra da LGPF**. A clasificación para estes efectos será a resultante da **puntuación**



## FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)

15008 - La Coruña

Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183

[www.fgpatinaje.com](http://www.fgpatinaje.com) – Email: [secretaria@fgpatinaxe.gal](mailto:secretaria@fgpatinaxe.gal)



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

### **Bases de competición Liga Galega de Patinaxe Freestyle 2026**

**xeral acumulada** da Liga, segundo o sistema de puntuación establecido nas presentes bases e nas convocatorias de cada sede.

Ademais, farase un **recoñecemento ao mellor equipo de cada disciplina**, segundo os criterios de clasificación específicos aplicables a esa proba e o indicado na convocatoria correspondente. Para estes recoñecementos por disciplina, considerarase como “mellor equipo” aquel que obteña a mellor posición ou puntuación agregada na disciplina dentro da etapa/sede celebrada, ou no conxunto da tempada se así se indicase expresamente na convocatoria.

## **12. Disposicións finais**

As datas e contidos aquí expostos poderán sufrir variacións en función da confirmación de instalacións, autorizacións administrativas e axustes derivados do calendario nacional/internacional, así como por razóns técnicas, meteorolóxicas ou de seguridade que afecten ao desenvolvemento das probas.

Calquera modificación relevante será publicada mediante **circular/convocatoria oficial** e terá validez unicamente para a sede/proba indicada, prevalecendo a convocatoria específica sobre este documento en aspectos organizativos (horarios, orde de probas, agrupacións, límites de participación e criterios operativos).

O CGF resérvase a facultade de realizar **axustes organizativos necesarios** para garantir o correcto desenvolvemento da competición, a seguridade dos/as participantes e do persoal técnico, e a viabilidade horaria da xornada, informando aos equipos coa maior antelación posible polos canais oficiais habituais.

A Coruña, a 27 de febreiro de 2026



Fdo. José Manuel Lago Varela  
Comité Galego de Patinaxe Freestyle